



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO PEON TRACTORISTA 4 MESES ACUMULACIÓN DE TAREFAS

O 18.10.2016 mediante resolución de alcaldía núm. 1139/2016, corrixida o 19.10.2016 mediante resolución de alcaldía núm. 1144/2016, aprobáronse as bases de selección e convocouse o proceso selectivo para a creación de tres listas de aspirantes a funcionario/a interino/a das prazas de peón, chofer condutor e peón-tractorista, mediante o sistema de concurso-oposición libre (BOP A Coruña núm. 202 do 25.10.2016).

O 27.02.2017 mediante resolución de alcaldía núm.226/2017 aprobouse a lista de aspirantes a funcionario/a interino/a das prazas de peón-tractorista, conforme á proposta do tribunal de selección feita na acta do 14.02.2017, que ten vixencia ata o 31.12.2019.

O artigo 23 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia sinala:

*"1. Tienen la condición de personal funcionario interino las personas que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombradas en tal condición para el desempeño de funciones propias del personal funcionario de carrera.*

*2. Para que pueda procederse al nombramiento de personal funcionario interino tiene que concurrir alguna de las siguientes circunstancias:*

*a) La existencia de puestos vacantes, con dotación presupuestaria, cuando no sea posible su cobertura por personal funcionario de carrera. Los puestos vacantes desempeñados por personal funcionario interino deben incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en el que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización o, en el caso del personal docente, que la planificación educativa lo impida.*

*b) La sustitución transitoria de las personas titulares de los puestos. En los casos de reducción de jornada, jubilación parcial o permisos a tiempo parcial podrá nombrarse personal funcionario interino para cubrir la parte de la jornada de trabajo que no realice la persona titular del puesto.*

*c) La ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más si lo justificara la duración del correspondiente programa.*

*d) El exceso o acumulación de tareas, de carácter excepcional y circunstancial, por un plazo máximo de seis meses dentro de un período de doce meses (...)"*

O 12.01.2018 emite informe José Manuel Faraldo Purriños, funcionario do Concello de Fene, no que sinala o seguinte:

*"Os temporais que están afectando ó noso Concello nestas datas provocan numerosas incidencias, como caídas de árbores e polas, facendo preciso realizar labores de desbroce, limpeza e mantemento de zonas verdes, sendas, parques, áreas recreativas, camiños, viais e sendeiros.*

*Dada a escaseza de empregados municipais para realizar ditas tarefas, sumada á baixa médica do peón que viña utilizando o tractor municipal, resulta necesario e urxente a contratación dun peón-tractorista cuxo traballo contribúa a evitar destrozos ou accidentes."*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G



Logo de ver a necesidade de efectuar un nomeamento de funcionario interino, mediante a modalidade prevista no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, polas seguintes razóns:

-Necesidade de prestación de servizos relacionados coa condución do tractor municipal, tales como, desbroces, limpeza e mantemento e conservación de camiños e vías municipais.

-Existe unha escaseza de recursos humanos no Concello de Fene, dada a imposibilidade de ofertar as baixas de traballadores municipais que tiveron lugar nestes últimos anos e significativamente no ano 2016.

-Trátase dun nomeamento imprescindible para o adecuado desenvolvemento de competencias e servizos que corresponden a esta Corporación, de conformidade cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

-A excepcionalidade do nomeamento é debido tanto á baixa médica do peón que habitualmente conduce o tractor, como ao volume de traballo existente no servizo de obras, así como á imposibilidade de adoptar outras medidas ou fórmulas que permitan a continuidade do servizo.

-A prestación do servizo é de recoñecida urxencia, xa que non pode ser realizado por outro persoal da Corporación nin é posible unha redistribución de efectivos na unidade de vías, obras e mantemento de infraestruturas municipais que puidera facer innecesario acudir a un nomeamento interino.

Considerase que o nomeamento que se pretende ten un carácter urxente e excepcional, e que están acreditadas, polo tanto, as circunstancias das que a Lei Xeral de Orzamentos do Estado para 2017 fai depender este tipo de nomeamentos de persoal funcionario interino.

O 12.01.2018 emite informe a axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Fene no que pon de manifesto que procedeuse a contactar telefonicamente cos aspirantes da lista aos efectos de comprobar a súa dispoñibilidade, sendo o resultado o seguinte:

“- RIVAS FERNÁNDEZ, José                      Dispoñible”

Tendo en conta o límite de duración sinalado no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, e que o aspirante dispoñible xa prestou servizos como funcionario interino, na modalidade de “exceso ou acumulación de tarefas”, por un prazo de dous meses, dende o 02.11.2017 ata o 02.01.2018.

Logo de ver o que antecede e acreditada a necesidade de proceder a un nomeamento interino, vista a fiscalización favorable da intervención municipal no informe núm. 20/2018 do 15.01.2018, esta alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Nomear como funcionario interino dunha praza do Grupo: Agrupación sen titulación; Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: persoal de oficios; Denominación: peón-tractorista, na modalidade de “exceso o acumulación de tarefas”, por un prazo de 4 meses a:

-José Rivas Fernández co DNI núm. 32643995A.

**SEGUNDO.-** Requerir a José Rivas Fernández que proceda a tomar posesión da praza de funcionario interino o 17.01.2018.

Recentemente estivo traballando como funcionario interino neste Concello, achegando certificado médico e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

C I F : P - 1503600 - G



e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público, polo que unicamente terá que presentar, antes de tomar posesión, declaración responsable de que mantén as condicións e os requisitos esixidos para desempeñar as funcións de peón-tractorista como funcionario interino.

Se non toma posesión da praza de funcionario interino quedará sen efecto o nomeamento realizado e pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior.

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

CUARTO.- Publicar esta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Carmen López Villar, como secretaria accidental, dou fe.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE